

No día de hoxe, 20 de xuño de 2017, CONFAPA Galicia mantivo unha reunión coa Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Dona Ethel Vázquez, e co Secretario Xeral Técnico, Joaquín Macho Canales, para dialogar sobre as dúbidas plantexadas dende a nosa organización respecto do proxecto de transporte integrado de viaxeiros e como afecta ao transporte escolar. Neste sentido, despois dun diálogo aberto e construtivo, o cal agradecemos á Conselleira e ao Secretario Xeral Técnico, podemos concluír o seguinte:

1. Respecto á nosa preocupación principal, a transformación do transporte escolar en transporte xeral con reserva de praza, mantemos as nosas cautelas, aínda que entendemos que poidan existir motivacións xurídicas que fagan obrigado o cambio derivadas das sentenzas xudiciais ditadas e da normativa europea. No entanto, dende CONFAPA preferimos o modelo de transporte escolar, no que se admita a explotación das prazas baleiras, e non considerar aos escolares como viaxeiros xerais, aínda que teñan reserva de praza.
2. A Consellería garante que os tramos do transporte escolar que se atopan dentro das rutas integradas non van ver incrementados nin o número de paradas nin os tempos dos traxectos.
3. O número de prazas reservadas para o transporte de escolares cobre todas as etapas educativas, o que valoramos moi positivamente, pois era unha reclamación de CONFAPA Galicia. Tamén existe o compromiso de estender esta cobertura ao resto do transporte escolar de Galicia segundo se vaian renovando os contratos existentes, así como se vaian producindo novas rutas integradas. Dende CONFAPA Galicia esixiremos activamente que as melloras acadadas no transporte integrado se estendan ao resto do transporte escolar nos vindeiros exercicios.
4. A Consellería comprométese a racionalizar progresivamente e poñer orden nos horarios de entrada nos centros, facendo posible a conciliación da vida familiar e laboral, así como a estudar os cambios de horarios e traxectos que sexan necesarios en función das necesidades da comunidade educativa. Neste sentido a existencia de cláusulas nos contratos que fagan obrigatoria a modificación de rutas e horarios por causa das necesidades escolares parécenos un paso adiante sobre a situación existente, que CONFAPA Galicia vai a esixir e defender activamente..
5. A Consellería vai desenvolver mediante instrución a función dos acompañantes para que poidan proporcionar seguridade aos estudantes. CONFAPA Galicia comprométese a facer as achegas e consideracións que considere necesarias á devandita instrución dun xeito construtivo, para acadar o obxectivo da seguridade e convivencia no transporte.

Como resumo CONFAPA Galicia non se opón á compatibilidade do transporte escolar coas necesidades do transporte no medio rural, pois somos coñecedores de primeira man das dificultades que se plantexan no rural galego derivadas do despoboamento e envellecemento da poboación. A transformación do transporte escolar en transporte xeral de viaxeiros con reserva de praza é un cambio lexislativo que ten consecuencias profundas, o que nos obriga a ser extremadamente esixentes e vixiantes neste proceso, para tratar de garantir as mellores condicións para os nosos fillos, que deben ser obxecto de especial protección por parte das administracións públicas.

Dito isto, a disposición ao diálogo da Consellería de Infraestruturas e da súa titular parécenos un camiño máis axeitado que as medias interpretacións e as informacións incompletas. Este diálogo construtivo implicanos a todos na chegada de ideas e melloras que nos afectan directamente como comunidade educativa. Neste sentido asumimos os compromisos expresados pola Conselleira e estaremos vixiantes polo seu cumprimento.